

ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA O NADAL 2011 DESDE A CONCELLARÍA DE CULTURA, SERVIZOS SOCIAIS E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E A CONCELLARÍA DE DEPORTES

1. **Concilia no Nadal:** actividade dirixida a nenos/as de 3 a 10 anos de idade. Inscrición a partir do luns 28 de novembro no departamento de educación familiar (preferencia empadroados/as, prazas limitadas e por rigorosa orde de chegada). Terá lugar no Centro Cultural de Ponteceso.

Días: Sábados: 3, 10 17, 24 e 31 de decembro, de 16:30 a 19:30 h

22, 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro de 10:00 a 13:30 h

2, 3, 4 e 5 de xaneiro de 10:00 a 13:30 h

2. **Campaña de prevención do VIH:** o 1 de decembro repartirase información e material sobre esta temática (folletos e preservativos) nos diferentes centros municipais e no IES.
3. Nos cursos de informática que se están levando a cabo nas aulas municipais de Corme e Ponteceso traballarase transversalmente a temática do Nadal.
4. **Exposición** sobre o cambio climático “O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción” no Centro Cultural : desde o 5 de decembro ao 9 de xaneiro e do 9 de xaneiro ao 9 de febreiro outra sobre espazos mariños protexidos.
5. **Concerto didáctico de Nadal:** o 7 de decembro, ofrecido polo grupo Palitroque, dirixido ao alumnado de infantil e primaria de tódolos colexios do concello.
6. **Conferencia-Exposición dixital** sobre a cabotaxe na Costa da Morte no século XX: o mércores 7 de decembro ás 19:00 h na Casa do Mar de Corme.
7. **Maxia:** o 9 de decembro ás 19:30 horas, no local da A.C. Monte Branco, Cayetano Lledó asombraranos e faranos rir coa súa maxia.
8. **XV Certame de Corais:** celebrarase o 17 de decembro no Centro Cultural coa participación das corais do concello e unha coral convidada de Oleiros.
9. **Cine de Nadal:** proxectaranse dúas películas, o 30 de decembro no pavillón municipal de Corme e o 4 de xaneiro no Centro Cultural de Ponteceso, ámbalas dúas ás 18:00 h e dirixidas a tódolos públicos.

10. **Visita do Carteiro Real** nos colexios: o día 21 visitará o CRA e o 22 ás Forcadas, á Gardería Galiña Azul e ao Pondal para recoller as **Cartas en galego aos Reis Magos** que se lles facilitaron desde o Departamento de normalización lingüística.
11. **Cabalgata dos Reis Magos:** o 5 de xaneiro pola tarde en Ponteceso e con chegada ao Centro Cultural.
12. **Xornadas de Basket “Costa Bergantiñá”:** o 26 e 27 de decembro, de 10:00 a 13:30 horas, os/as nenos/as inscritos/as na Escola Deportiva Municipal de Baloncesto viaxarán a Malpica para competir.
13. **Torneo Prebenxamín de Fútbol Sala “Costa Bergantiñá”:** o 28 de decembro, de 10:00 a 13:30 horas, visitarannos en Ponteceso os demais concellos de Costa Bergantiñá para competir por gañar este torneo.
14. **Torneo de Tenis de Mesa:** celebrado en Cabana o 29 de decembro, de 10:00 a 13:30 horas, e competindo todos/as os/as inscritos/as na EDM de Deportes de Raquetas
15. **Visítanos a Copa do Mundo de Fútbol.** O 3 de decembro estará en Ponteceso e o 6 de decembro estará en Corme.